

PLAN DE TRABAJO DA COMISIÓN NON PERMANENTE PARA O ESTUDO SOBRE A SITUACIÓN DOS EMIGRANTES GALEGOS

(Aprobado pola Comisión na súa reunión do día 26 de xuño de 2006)

(Revisado pola Mesa da Comisión o día 22 de febreiro 2007)

1. ESTUDOS:

1. Estudo da lexislación sobre retorno e propostas de actuación nesta materia.
2. Estudo do movemento asociativo e análise para propostas tendentes á fixación, coordinación e unidade dos centros galegos.
3. Estudo e propostas de actuación en materia de homologación ou convalidación de títulos académicos.
4. Estudo e propostas de actuación en materia de convalidación de carnés de conducir ou recoñecemento dos mesmos.
5. Estudo e propostas sobre a sanidade dos galegos no exterior.
6. Estudo e propostas sobre pensións dos galegos no exterior.
7. Estudo e análise da repercusión da emigración no ámbito local.
8. Estudo dos recursos a percibir polo Goberno galego a efectos de atender os gastos que lle corresponda, así como dos servizos que reciban na propia Galicia.
9. Nacionalidade. Estudo e proposta.
10. Estudo e propostas de elección no exterior e representación da emigración.
11. Estudo do marco cultural e afondamento no legado dos centros galegos no exterior para a súa catalogación e seguimento do mesmo polo Consello da Cultura Galega.

2. INFORMES E DITAMES:

1. Elaboración de ditames parciais sobre temáticas estudadas e en situacións extraordinarias xurdidas no período de vixencia da Comisión.

Incorporación de todo o material resultante do traballo desenvolvido polas Comisións de Emigración constituídas no Parlamento de Galicia en anteriores lexislaturas.

2. Elaborar ditame global non máis lonxe do 2008.

3. COMPARECENCIAS:

1. Representantes dos centros galegos, asociacións e fundacións dos galegos no exterior.
2. Expertos da universidade.
3. Expertos e estudosos en materia de movementos.
4. Representantes doutras comunidades autónomas, con responsabilidade na materia.
5. Alcaldes de concellos nos que a emigración ten especial incidencia.

6. Consello da Cultura Galega e outras institucións vinculadas á emigración e ao retorno.
7. Persoas con autoridade na materia.
8. Presidente do Consejo General de la Emigración.
9. Colectivos de emigrantes retornados.
10. Secretaria de Estado de Emigración do Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais do Goberno español.
11. ONG fillos de Galicia
12. Medios de comunicación de Galicia para o exterior.
13. Fillos e netos pola nacionalidade.
14. Consello Galego de Cámaras de Comercio.

4. ENCONTROS NO EXTERIOR:

4.1.- Encontros coas comunidades e cos colectivos galegos no exterior, a programar en función da evolución dos traballos da Comisión.

4.2.- Solicitar a presenza da Comisión no próximo Consello de Comunidades Galegas

4.3.- Encontro dos deputados/as membros da Comisión de Emigración cos parlamentos autonómicos do Estado e establecemento de relacións cos parlamentos dos principais países receptores da emigración galega e aqueles outros países con experiencia en materia migratoria.

5. INSTRUMENTOS INFORMÁTICOS:

Apertura dun apartado na páxina do Parlamento onde colgar un cuestionario ao que poderá contestar calquera galego do exterior, independentemente do lugar onde resida e da súa pertenza ou non a un colectivo. Tamén poderán aportar documentos e biografías.

OUTRAS ACTIVIDADES:

Conmemoración do 50 aniversario "I Congreso Emigración Galega"

Propor á Mesa do Parlamento o libramento de fondos para contratar unha pequena campaña de publicidade, a través dos medios de comunicación da emigración, para achegar á dirección da páxina web e os obxectivos da mesma.